



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	8 DE MAIO DE 2014.
ASUNTO:	PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO AUTOMÓBIL EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

Na regulación que efectúa o Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público (en adiante TRLCSP), considérase aos contratos de arrendamento, e polo tanto tamén aos de renting, como contratos de subministro. En efecto, no artigo 9.1 do TRLCSP dispónse que os contratos de subministro teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento , con opción de compra ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

O artigo 290 do TRLCSP establece expresamente que “No contrato de arrendamento, o arrendador ou empresario asumirá durante o prazo de vixencia do contrato a obriga de mantemento do obxecto do mesmo. As cantidades que, no seu caso, deba satisfacer a administración en concepto de canon de mantemento fixaranse separadamente das constitutivas do prezo do arrendamento”.

Obsérvase que no prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación administrativa “para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra mediante procedemento negociado sen publicidade”, non consta separadamente o canon de mantemento do prezo do arrendamento, debido ás dificultades operativas existentes segundo se reflicte na memoria explicativa. Tal e como puxo de manifesto a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña no seu informe 5/2012, o citado artigo 290 parece admitir excepcións a esa indicación xeral ao prever que a indicación separada se teña que facer “no seu caso”, de xeito que hai que admitir a posibilidade de que nalgúns casos o prezo do arrendamento estea fixado globalmente e inclúa o custo do mantemento, na medida en que é unha obriga implícita.

En todo o demais, o devandito prego axústase tamén ao disposto no TRLCSP, e ao resto da normativa aplicable en materia de contratación administrativa. En consecuencia, considérase que o prego é apto para regular o contrato que no seu día se formalice.

Ao expediente de contratación deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.



Completado o expediente de contratación dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110 do TRLCSP).

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2014

A letrada

María Aneiros González